



A FOLLA DA CGT

Núm. 73 - 3 setembro 2021

Novos ingresos

A semana pasada, a **CGT** sacou un comunicado informando, entre outras cousas, de que o luns seguinte se abriría o prazo de inscrición nas prazas de bombeiros. Fixémolo porque nos parecía unha **vergoña** que non se difundise publicamente a convocatoria.

No documento sobre os procesos de ingreso acordado antes do verán na Comisión central de Emprego recóllese que tódalas prazas se publicarán no portal de emprego, nos centros de traballo e na prensa, coa indicación de que nos centros se publicarán antes de publicarse no portal.

Entre pillos anda o xogo

Gonzalo Mateo, que era o director de Operacións e Negocios, abandonou a empresa este verán. Outra fichaxe de SAMI (Saudi Arabia Military Industries) en Navantia.

No verán de 2018, o expresidente Esteban García Vilasánchez xa tomara o mesmo rumbo. Non por casualidade, xa que durante a súa presidencia asinou o polémico contrato das corvetas saudís, ademais de constituír unha *joint venture* con SAMI, da que hoxe é vicepresidente.

A diferenza das fichaxes dos futbolistas, que supoñen cartos para os clubs/empresas que deixan, estes executivos cobran uns finiquitos de centos de milleiros de euros que merman a conta de resultados da empresa. Esa conta na que se apoia sempre a dirección para xustificar recortes de plantilla ou tentar impedir que melloremos as condicións laborais.

Non é moi ético aproveitarse das posibilidades que ofrecen os altos cargos en empresas públicas para o beneficio persoal. Aínda que tampouco sorprende cando temos tantos exemplos de "persoeiros" que, logo de beneficiar a determinadas empresas dende a Administración Pública, obteñen retiros dourados nesas mesmas empresas. Felipe González ou José M^a Aznar cobrando das eléctricas son os máis destacados. Son as chamadas *portas xiratorias*. Pero o vento que provocan ó xirar sempre vai contra os traballador@s.

O goberno ten que nacionalizar o oligopolio eléctrico XA!

O prezo da electricidade no mercado maiorista bateu este xoves un novo récord histórico: **140,23 €/MWh**, 96 máis có mesmo día do ano pasado (un aumento do **217%**, máis do triple).

O pasado 24 de xuño, o prezo era de 85,73 €/MWh. Ese día, o Goberno aprobou unha rebaixa do IVE do 21% ó 10%. A pesar desa rebaixa, o prezo aumentou dende entón un **63%**. E subindo.

Todo intento de regular o prezo dun mercado privado sen intervir as empresas é inviable. O capital sempre atopa o xeito de saltar calquera regulación. Neste caso, mediante un escandaloso sistema de poxa que na práctica significa que **as eléctricas fixan o prezo que lles peta**.

O **único** xeito de pararlle os pés ó oligopolio enerxético é que o goberno PSOE-Podemos **expropie sen indemnización** as eléctricas e as **nacionalice baixo control obreiro**.

Estas prazas non se publicaron nos centros antes de publicarse no portal; e cando se publicaron xa estaba o prazo de inscrición iniciado. Moito máis grave tratándose dunha empresa **pública**: non se publicou na prensa.

A empresa **incumpre** o que asina. Cando a **CGT** defenda algunha proposta en materia de emprego, que non nos veña argumentando que non é posible porque non está contemplada nese documento.



Café con leite	
De 7 a 12 horas	2,00
De 12 a 15 horas	1,20
De 15 a 18 horas	1,80
De 18 en adelante	1,00
Caña de cerveza	
De 7 a 11 horas	1,50

Consultas de RRHH

Durante as vacacións, a empresa anunciou un ServiceDesk para consultas sobre temas de RRHH (nómina, control de presenza...).

Parece un pouco absurdo que a empresa habilite un mecanismo para obter unhas respostas que poderían obterse de forma **inmediata** cun par de clics.

Sería máis **cómodo** para tod@s que cada traballador/a puidese ver no Periscopio as súas nóminas e certificados do IRPF, ou toda unha serie de datos: vacacións pendentes, txt, exceso de quenda, días de LD..., moitos máis dos que aparecen no resume mensual que chega ós centros.

Hai traballador@s que xa teñen estas posibilidades. Non hai ningunha razón para non **dárlelas ó resto**. E tamén vai sendo hora que esta empresa 4.0 proporcione a tódolos compañeir@s de man de obra acceso ó correo e demais servizos corporativos. Que en cousas menos importantes se tiran os cartos.

A **CGT** plantexará na permanente que o comité faga unha petición á empresa neste senso.



Outro roubo da empresa

A actualización dos **trienios** realízase dúas veces ó ano:

- 1 de xaneiro (para quen os faga entre este día e o 30 de xuño).
- 1 de xullo (para quen os faga entre este día e o 31 de decembro).

No segundo caso, a paga extra do verán viña sendo a primeira nómina que se cobraba coa antigüidade actualizada, dado que se pagaba o 15 de xullo.

Pero este verán a empresa pagou a extra coa regularización da nómina do mes de xuño. E como era "xuño", **non actualizou** a antigüidade. Na nómina do mes de xullo si veu ben.

Só afecta a unha parte da plantilla (sobre 300 persoas). Non é moito diñeiro (27 € per cápita). Pero non deixa de ser un **roubo**. A empresa ten que pagar o que debe.

Cando se coñeceu a proposta de pagar as extras coa nómina do mes anterior, a postura da **CGT** foi que non porque non había motivos para facerlle favores á empresa.

Unha vez máis, demóstrase que as empresas **non** agradecen os favores que se lles fan.



Onde vai o incremento salarial de 2021?

Segundo *La Voz de Galicia* (15/8/2021), os soldos e dietas do comité de dirección de Navantia pasaron de 1.771.000 € en 2019 a 2.024.000 en 2020, un aumento do **14,28%**.

Semellante incremento aínda sorprende máis se temos en conta que boa parte de 2020 foi ano de covid.

A ver se a dirección se preocupa tamén polos salarios dos traballador@s e nos paga xa o incremento pactado para este ano. Non é de recibo que haxa que esperar a 2022.

Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

